

MARÍA VICTORIA MORENO  
Letras Galegas 2018



Ilustración: David Pintor







A Real Academia Galega promove desde 1963 a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado cada ano a unha figura destacada polo seu labor a prol da lingua e da literatura galegas.

O Día das Letras Galegas de 2018 homenaxea a escritora e profesora María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 – Pontevedra, 2005), por decisión do Plenario da Real Academia Galega.

Licenciada en filoloxía románica, María Victoria Moreno chegou a Galicia no ano 1963 como profesora. Unha década máis tarde, en 1973, publica *Mar adiante*, considerada unha das obras pioneiras da literatura infantil galega. Ata o seu pasamento, a escritora estivo comprometida co ensino da lingua e da cultura galegas. Cultivou a narrativa –nomeadamente a infantil e xuvenil–, o ensaio, a poesía, os estudos literarios e a didáctica da lingua e da literatura galegas.

Para difundir e poñer en valor o seu legado, e co fin de reforzar o valor social do noso idioma nos diferentes ámbitos, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, en colaboración coa familia da escritora, suman os seus esforzos nunha programación conxunta de iniciativas diversas en todo o territorio, coas que se abordarán as diferentes facetas de María Victoria Moreno. Para facer, un ano máis, das Letras Galegas unha celebración de todas e de todos.



## EXPOSICIÓNS

---

### MARÍA VICTORIA MORENO. PAISAXES E PERSONAXES

---

Exposición itinerante, comisariada polo ilustrador e humorista gráfico David Pintor, para dar a coñecer entre o público xeral a obra literaria e a figura de María Victoria Moreno. Consta de 12 paneis e dúas vitrinas con obxectos persoais da autora.

Once concellos das catro provincias galegas –Santiago de Compostela, Pontevedra, A Coruña, Lugo, Vigo, Ferrol, Sanxenxo, Ordes, Celanova, Vilaba e Ourense– albergarán a mostra, a través, principalmente, das bibliotecas de xestión autonómica e de diferentes espazos municipais da Rede de Dinamización Lingüística.

— De abril a decembro

---

### MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ NO CONTEXTO DA LITERATURA INFANTIL GALEGA

---

Unha exposición con libros infantís e xuvenís da autora para a sala infantil.

— Do 14 ao 31 de maio  
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

---

### OS AUTORES DAS LETRAS GALEGAS

---

Todas as obras, artigos e publicacións presentes no fondo bibliográfico da biblioteca dos escritores homenaxeados co Día das Letras Galegas en 2015, 2016, 2017 e 2018 expostas no vestíbulo do edificio.

— Do 14 ao 31 de maio  
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

---

### UNHA HISTORIA DE AMOR CO GALEGO

---

Mostra bibliográfica da obra e da vida de María Victoria Moreno na zona de exposicións.

— Do 10 ao 30 de maio  
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

---

### EU CONTO, TI LES

---

Mostra bibliográfica de obras infantís de autores e de autoras homenaxeados no Día das Letras Galegas, na sala infantil.

— Do 10 ao 30 maio  
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

---

### PEZA DESTACADA: MARÍA VICTORIA MORENO

---

O Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega) dedicarlle un pequeno espazo expositivo, no marco da “peza destacada” situada no vestíbulo do museo, a María Victoria Moreno, facendo especial fincapé no seu labor docente e como escritora infantil e xuvenil.

— Maio  
Museo Pedagóxico de Galicia

---

### DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018: MARÍA VICTORIA MORENO

---

Exposición dunha obra da homenaxeada procedente dos fondos do museo, acompañada dun texto explicativo sobre o Día das Letras e sobre a escritora. Coa colaboración da Asociación de Amigos do Museo Etnolóxico e do Conxunto Histórico de Ribadavia.

— Do 15 ao 19 de maio  
Museo Etnolóxico de Ribadavia

# INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

---

## CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

---

A Consellería de Cultura e Educación, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, colabora un ano máis coa Carreira Camiño das Letras, unha proba organizada no mes de maio por Xurdir, que une a conmemoración do Día das Letras Galegas e o simbolismo do Camiño de Santiago coa práctica do deporte.

---

## EU CONTO

---

A Cidade da Cultura propón para o Día das Letras Galegas unha lectura participativa de contos de María Victoria Moreno. O título do seu libro *Eu conto, ti cantas* tómase como pretexto para convidar a todas as persoas visitantes da Cidade da Cultura a que compartan a lectura dunha escolma de contos e narracións da escritora. A actividade desenvolverase en distintos espazos e realizaranse diferentes emisións de vídeos en directo nas redes sociais para que a obra de María Victoria chegue a todas as partes do mundo.

Ademais, unha vez rematada a actividade editarase un vídeo para ver e escoitar todas as intervencións, que quedará para o recordo na páxina web da Cidade da Cultura, [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal).

— 17 de maio, de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas  
Cidade da Cultura de Galicia

---

## CAMPAÑAS INSTITUCIONAIS

---

### Feiraco

Política Lingüística e Feiraco colaboran un ano máis faceren participe á cidadanía da celebración das Letras co VII Certame de microrrelatos Feiraco-Letras Galegas 2018, unha acción apoiada nas redes sociais á que poden concorrer narracións breves inspiradas na obra de María Victoria en dúas categorías: xuvenil (de 13 a 18 anos) e adulta (máis de 18 anos), con tres premios en cada unha, e coa dupla reedición de *De onde vén o leite?*, de E. Mauricio e C. Taboada, pensada para achegarles aos escolares de infantil e primaria de Galicia as claves para entenderen a historia do leite na nosa comunidade, así como detalles sobre o manexo, a alimentación das vacas e o método e filosofía de Feiraco baseados no lema *Alimentando un xeito de ser*.

### Vegalsa-Eroski

Política Lingüística cédelle a Vegalsa-Eroski un dos carteis gañadores do Concurso-Exposición Letras Galegas 2018 que a cadea de distribución alimentaria difunde nos seus establecementos na semana grande das Letras. A campaña inclúe tamén unha tiraxe de bolsas especiais conmemorativas que levarán a homenaxe a María Victoria e as súas palabras a múltiples fogares galegos por medio da cesta da compra arredor do 17 de maio.

### RENFE

Política Lingüística e Renfe promoven que as Letras Galegas cheguen tamén aos espazos de información ás persoas viaxeiras coas que conta a operadora nas estacións da sete cidades galegas, Vilagarcía de Arousa e Monforte de Lemos, que acollerán tamén a mostra "Sombra e Luz", do IES G. Torrente Ballester de Pontevedra. Alén diso, os trens de alta velocidade, serie 121, que fan os servizos Avant e MD nos corredores A Coruña-Santiago-Vigo/A Coruña-Santiago-Ourense vestirán os repousacabezas dos seus asentos coa imaxe institucional das Letras 2018.



---

## CERTAMES

---

Para fomentar a creatividade en torno á celebración deste día, a Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal convoca un concurso de carteis para rapaces e rapazas de entre 3 e 13 anos. Os traballos depositaranse do 24 de abril ao 12 de maio de 2018. A entrega de premios e diplomas será o venres 18 de maio no vestíbulo da biblioteca.

---

## OBRADOIROS

---

### Leonardo e os fontaneiros

A Biblioteca de Galicia promove un obradoiro para rapaces e rapazas de 6 a 12 anos, impartido polo grupo Xandobela, co obxectivo, non só de dar a coñecer a escritora a través da súa obra *Leonardo e os fontaneiros*, senón tamén de promover hábitos lectores a través de actividades de animación e participativas. Inscripción previa na web [www.cidadeda-cultura.gal](http://www.cidadeda-cultura.gal).

— 5 de maio  
Aula I da Biblioteca e Arquivo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia

### Obradoiro de escritura

Dirixido a un público adulto e impartido por Rodrigo Costas, en cada unha das cinco sesións de 90 minutos estudaranse obras narrativas (contos e novelas) de autores homenaxeados co gallo do Día das Letras Galegas, como Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Carlos Casares e María Victoria Moreno. Na sala de actividades da biblioteca. Inscripción previa na web [bibliotecas.xunta.gal/coruna/es](http://bibliotecas.xunta.gal/coruna/es).

— Do 14 ao 22 de maio  
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

### Eu conto, ti cantas

Anias imparte un obradoiro de improvisación musical para nenos e nenas de 8 a 12 anos, no que, partindo de fragmentos da obra da escritora homenaxeada, os participantes terán que crear, por grupos, cancións en diferentes estilos musicais, que, posteriormente, serán postas en común. Sala de obradoiros da biblioteca. Inscripción previa na propia biblioteca.

— 18 de maio de 2018  
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

### Gran xogo das Letras Galegas

Un xogo por equipos, a cargo de Eduvía, no que os/as participantes afondarán na orixe e significado do Día das Letras Galegas, e os autores e autoras homenaxeados ata o momento, ao tempo que descubrirán interesantes datos sobre a vida e obra de María Victoria Moreno. Os nenos e nenas deberán superar probas coma a realización dun poema, deletrear ou definir palabras segundo as tiradas que fagan cun dado xigante. Ao final do xogo, cada participante recibirá un premio pola súa participación.

— Semana das Letras Galegas  
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

### Día das Letras Galegas: María Victoria Moreno

O obxectivo deste obradoiro é ofrecerlles aos rapaces e rapazas un achegamento á homenaxeada. A actividade consistirá nun contacontos no que se lles narrará un dos seus textos máis célebres e realizarán actividades creativas arredor da lectura. Para nenos e nenas dos 4 aos 11 anos.

— 11 de maio de 2018  
Museo Pedagóxico de Galicia

---

## CONTACONTOS

---

### María e os ollos alabarados

Impartido pola compañía Xarope Tulú (Urdime) para un público familiar, consiste nun espectáculo de narración oral e monicreques baseado na obra homónima de María Victoria Moreno.

- 17 de maio. 17.30 h. Museo do Mar de Galicia
- 19 de maio. Biblioteca e Arquivo de Galicia. Cidade da Cultura. Inscripción previa en [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

### O cataventos e outras historias de Vilaxeada

Impartido por Charo Pita para un público de entre 4 e 11 anos, e baseado en relatos de María Victoria Moreno. En Vilaxeada hai unha velliña, un curral sen galo, un cataventos... As pitas do curral reúnen-se de cando en vez para contar as historias da aldea.

- 11 de maio de 2018. 18.00 h.  
Sala multiúsos da Biblioteca Pública de Lugo
- 19 de maio de 2018. 12.00 h. Sala infantil da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

### Contacontos

Contacontos baseado na vida e na obra de María Victoria Moreno a cargo de Cucarandainas, destinado a un público infantil. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

- 19 de maio de 2018. Salón de actos da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

### Unha historia de amor. Pequena biografía de María Victoria Moreno

Contacontos ilustrado promovido por Polo Correo do Vento e baseado no libro do mesmo título, de Joanna Lorenzo Montero e Tania Solla. Acompáñase dun obradoiro de debuxo no que, guiados polo ilustrador, os asistentes aprenderán a debuxar unha caricatura da escritora.

- 11 de maio de 2018. 18.00 h. Sala de obradoiros da Biblioteca Pública de Pontevedra. Sen inscrición previa.
- 16 de maio de 2018. 18.30 h. Sala infantil da Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel. Inscripción previa na propia biblioteca

### Contadas na súa voz. María Victoria Moreno

Contacontos baseado na vida e na obra de María Victoria Moreno a cargo de Lisístrata, destinado a un público infantil. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

- 12 de maio de 2018. Salón de actos da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

### Contiños con Susana: Letras Galegas

A actividade semanal de Susana Villar na biblioteca achégalles nesta ocasión a obra de María Victoria Moreno aos rapaces e rapazas de 4 a 7 anos. Inscripción previa na propia biblioteca.

- 15 de maio de 2018. 18.30 horas  
Biblioteca Pública de Ourense

### Festexamos as nosas letras

Sarabela achégalle a figura de María Victoria Moreno a un público de 6 a 12 anos. Inscripción previa na biblioteca.

- 19 de maio. 12.00 horas  
Biblioteca Pública de Ourense

## MARÍA VICTORIA MORENO A TRAVÉS DA MÚSICA E DO AUDIOVISUAL

---

### VII FESTIVAL ARTE POLA IGUALDADE

---

Promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Teatro Colón da Coruña acollerá un espectáculo de música, que inclúe tamén interpretación e baile, que desenvolven os centros coruñeses CEE Nosa Señora do Rosario, CEIP Eusebio da Guarda e CMUS Profesional da Coruña para lembrar a vida e a obra de María Victoria Moreno Márquez, dar a coñecer o traballo dos centros e demostrar que a diversidade funcional non é un impedimento para desenvolver o talento.

— 10 de maio  
Teatro Colón da Coruña

---

### CONCERTO DAS LETRAS 2018

---

O Consello da Cultura Galega estrea unha peza musical composta por Miguel Matamoro sobre un texto de María Victoria Moreno.

— 16 de maio de 2018  
Pontevedra

---

### MÚSICA GALEGA CLAVE DE FADO

---

O Museo do Castro de Viladonga organiza un concerto de música galega a cargo do grupo Clave de Fado, que establece un diálogo entre Galicia e Portugal arredor do fado. Aberto a todos os públicos e sen inscrición previa.

— 17 de maio. 18. 00 horas  
Museo do Castro de Viladonga

---

### MICROESPazos AUDIOVISUAIS

---

A Secretaría Xeral de Cultura promoverá microespazos audiovisuais con anacos da obra de María Victoria Moreno, que serán difundidos na TVG. Son pequenas pezas creativas que pretenden espertar a curiosidade entre o público arredor do traballo da autora homenaxeada.

— Mes de maio

## PROPOSTAS PARA O ÁMBITO EDUCATIVO

---

### CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2018

---

Política Lingüística organiza este concurso, en colaboración con Feiraco, que se dirixe a centros educativos de toda Galicia. As exposicións gañadoras distribúense en preto de 2000 puntos de Galicia (centros educativos, concellos da Rede de Dinamización Lingüística...) e do exterior (lectorados de galego, centros galegos...). Máis información en [lingua.gal](http://lingua.gal).

---

### ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

---

Actividades variadas (recursos en liña, lecturas públicas, xincanas, raps, audiovisuais, certames literarios etc.) para dar a coñecer a figura de María Victoria Moreno, a súa obra e o seu compromiso coa lingua galega entre o alumnado de ensino pre-universitario.

— Febreiro a xuño de 2018  
[www.lingua.gal/dia-letras-galegas](http://www.lingua.gal/dia-letras-galegas)

---

### SEÑORA QUE PASEA POLA RÚA CON DOUS CANS PRECIOSOS

---

Dan man de Matrioshka Teatro chega ao programa de dinamización lingüística e a 10 concellos da Rede a proposta escénica *Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos*, que percorre a vida e a obra de María Victoria e do seu universo de imaxe e letras, de muller que viaxa a contracorrente, de accións e camiño por camiñar.

— De abril a maio

## MARÍA VICTORIA MORENO NA REDE

---

### PRIMAVERA DAS LETRAS

---

Espazo web destinado ao público de infantil e de primaria. A través da páxina web <http://academia.gal/primaveradasletras>, a Real Academia Galega pretende fornecer os centros de ensino de propostas didácticas arredor do Día das Letras Galegas. As actividades para este ano convidan os máis novos a se achegar de xeito sinxelo e ameno ao universo literario que creou María Victoria Moreno.

Xunto cos materiais, a RAG promoverá o concurso *Contádenos o voso día das Letras*, aberto a todos os centros escolares de infantil e de primaria para que amosen como celebran o 17 de maio.

---

### MARÍA VICTORIA EN ACADEMIA.GAL

---

Contidos divulgativos arredor da vida e da obra de María Victoria Moreno. A páxina web da Real Academia Galega ten activado desde comezos de 2018 un espazo biográfico dedicado a María Victoria Moreno: <https://academia.gal/letras-actual>

A sección de actualidade da mesma web ofrecerá reportaxes, entrevistas e artigos arredor da vida e da obra da figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2018.

---

### PORTAL DAS PALABRAS

---

O Portal das Palabras, a web da Real Academia Galega e da Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e de difusión da lingua galega, tamén dedicará contidos centrados no universo vital e literario de María Victoria Moreno.

---

### CRTVG

---

Na web da CRTVG farase unha canle para unificar os contidos sobre as Letras Galegas na que se difundirán temas específicos sobre a autora homenaxeada este ano. Tamén haberá información sobre as Letras para os perfís da CRTVG nas redes sociais máis importantes.

---

### PORTAL DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

---

Durante o mes de maio, as bibliotecas escolares de Galicia terán unha entrada específica coa programación arredor deste día que se organiza en cada centro educativo.

---

### CONSTELACIÓN LITERARIA MARÍA VICTORIA MORENO

---

Selección de títulos de LIX galega a partir da obra de María Victoria Moreno, a modo de constelación literaria.

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos realizarase unha primeira selección de títulos de LIX galega que poden relacionarse coa obra de María Victoria Moreno, segundo unha serie de criterios (personaxes, temáticas, paisaxes etc.). Esta selección, presentada como “constelación literaria” (termo acuñado pola profesora de literatura Guadalupe Jover), publicarase en internet, coa posibilidade de que tamén vexa a luz en formato papel. Propoñeráselles ás bibliotecas escolares do programa da Consellería de Cultura e Educación unha ampliación da constelación inicial e recolleranse as propostas na páxina web de bibliotecas escolares, dándolle toda a difusión posible ao longo do ano.

## PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

---

### XUNTA EXTRAORDINARIA E PÚBLICA DA RAG

---

A xunta extraordinaria e pública da RAG desenvolverase o 17 de maio de 2018 pola mañá no Teatro Principal de Pontevedra e contará coas intervencións de tres membros de número que pronunciarán unha breve alocución sobre a vida e a obra de María Victoria Moreno.

---

### SIMPOSIO MARÍA VICTORIA MORENO

---

No salón de actos da Real Academia Galega desenvolverase durante os días 27 e 28 de novembro dúas xornadas dedicadas a María Victoria Moreno nas que se afondará, a través das disertacións de diversos especialistas, na personalidade e na obra literaria da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas.

O simposio, destinado principalmente ao profesorado de lingua galega e literatura dos distintos ciclos e niveis, desde a secundaria obrigatoria ao bacharelato, e ao alumnado universitario, está aberto ao público en xeral.

---

### IV XORNADAS DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ

---

Xornada anual de formación para o profesorado de ensinanza primaria e secundaria, organizada polo CAFI e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, co obxectivo de dotalo de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018.

## PUBLICACIÓNS CONMEMORATIVAS

---

### MAR ADIANTE. EDICIÓN FACSIMILAR ESPECIAL LETRAS GALEGAS

---

O Consello da Cultura Galega edita unha edición facsimilar especial Letras Galegas de *Mar adiante* de María Victoria Moreno, con textos de Xesús Alonso Montero e de Sara Alonso Pimentel.

---

### MARÍA VICTORIA MORENO: HOMENAXE. PALABRA FÉRTIL NO TEMPO

---

XXXVIII Cadernos Ramón Piñeiro. Volume colectivo coordinado pola profesora Blanca Ana Roig Rechou no que se recolle unha vintena de estudos arredor da vida e da obra de María Victoria Moreno. Os ensaios versan sobre as diversas facetas que caracterizan a biobibliografía da homenaxeada: a súa produción infantoxuvenil, a escrita para adultos ou o labor como docente e didacta, mais tamén inciden no seu compromiso coa lingua, a literatura e a cultura galegas.

## MARÍA VICTORIA MORENO NA TVG E NA RG

---

### BIOGRAFÍA MARÍA VICTORIA MORENO

---

A TVG está traballando nun especial biográfico da escritora homenaxeada, que se vai emitir en horario de máxima audiencia.

---

### ZIGZAG: OS DESCENDENTES / HERDEIROS DE MARÍA VICTORIA

---

O programa ZigZag terá coma protagonistas as novas xeracións de escritores galegos. Dando a coñecer a súa vida e obra, afondarase tamén na repercusión das novas tecnoloxías na literatura galega, a infancia e a lingua, e as novas canles de difusión das letras.

---

### ESTREA DA TV MOVIE CONTOU ROSALÍA

---

*Contou Rosalía* é a primeira ficción sobre a vida da escritora, primeira homenaxeada nas Letras Galegas. Está ambientada no Madrid de mediados do século XIX e a propia Rosalía conta como foi a súa vida social, como viviu a súa paixón de escritora e o seu reencontro co historiador Manuel Murguía. A película, producida por Zenit Televisión, conta coa participación da CRTVG e coa axuda da Agadic.

---

### CADA DÍA UN LIBRO

---

O programa diario que se emite ao mediodía na primeira canle da TVG dedicará toda a semana das Letras Galegas a difundir obras de María Victoria Moreno.

---

### UNHA SEMANA ENTEIRA DEDICADA ÁS LETRAS NA TVG2

---

A segunda canle da televisión autonómica emitirá programación especial durante toda a semana das Letras, principalmente documentais, pero tamén a retransmisión do concerto *O son das letras*, desde o auditorio do Mar de Vigo.

---

### MARÍA VICTORIA MORENO NAS ONDAS

---

A Radio Galega terá todo o día 17 de maio unha programación especial centrada, case por completo, nesta efeméride. Ademais, desde a segunda semana de febreiro e ata o 17 de maio está a emitir dous microespazos semanais sobre María Victoria Moreno e no mes de maio emitirán fragmentos da obra de María Victoria Moreno na voz de colaboradores e entrevistados da Radio Galega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Gabinete de comunicación  
Consellería de Cultura, Educación  
e Ordenación Universitaria

[prensa.cultura.educacion@xunta.gal](mailto:prensa.cultura.educacion@xunta.gal)

Telf. 981 957 350 | 981 544 490

[cultura.gal](http://cultura.gal)

[lingua.gal](http://lingua.gal)

MARÍA VICTORIA MORENO  
Letras Galegas 2018